

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

OZA-CESURAS

Aprobación padrón auga do antigo Concello de Cesuras - 1º trimestre 2019

ANUNCIO

Aprobación do padrón de contribuíntes pola taxa correspondente ao servizo de subministro de auga potable, primeiro trimestre de 2019.

(Para o ámbito territorial do antigo municipio de Cesuras, conforme ao réxime transitorio determinado polo artigo 6.3 do Decreto 83/2013, do 6 de xuño, DOG do 7/7/2013)

ÓRGANO E DATA DE APROBACIÓN: Xunta de Goberno Local, sesión do 10 de maio de 2019

NORMATIVA REGULADORA E EFECTOS: Artigo 102 e concordantes da Lei Xeral Tributaria e advertencia establecida no artigo 49.7 do Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de verquido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

No relativo ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

PRAZO DE EXPOSICIÓN: 15 días.

Oza-Cesuras, 13 de maio de 2019

O ALCALDE,

Asdo.- José Pablo González Cacheiroe

2019/3767